

Información



Día do Cooperativismo Galego 2019

A Secretaría Xeral de Emprego convida, o próximo 6 de xullo, a festexar o Día do Cooperativismo Galego a todas as persoas que forman parte da familia cooperativa.

O acto será ás 12:00 horas en Xinzo de Limia, no local Xpazo, da man de Limia Xestión S.Coop.Galega, e nel farase entrega dos premios á Cooperación e Cooperativismo no Ensino.

[Ver máis](#)

Novas tendencias da realidade social e económica

Visualiza este [vídeo](#) se queres coñecer algunhas das tendencias da realidade social e económica e o motivo polo que as empresas de economía social son as que mellor se adaptan a estes novos tempos.

[Ver máis](#)

Cooperativismo de Portas Abertas

Convidase a todas as cooperativas galegas a sumarse á campaña de Cooperativismo de Portas Abertas o próximo 5 de xullo.

Todas as entidades interesadas poden participar enviando un correo a diadocooperativismo@xunta.gal e terán a oportunidade de dar a coñecer a súa cooperativa.

[Ver máis](#)

MAOS Innovación Social S.Coop.Galega asina a súa adhesión ao Código de Boas Prácticas das Sociedades Cooperativas de Galicia

A través deste acordo, a entidade expón o seu compromiso por manter un comportamento transparente, honesto e responsable no seu ámbito de actuación e reforzar, de forma libre e voluntaria, a confianza nas cooperativas.

Se ti tamén queres adherirte a este código, podes enviar un correo ao seguinte enderezo: economiasocial.emoprego@xunta.gal.

[Ver máis](#)

Actividades



Cooperativismo en Movemento

Este programa leva, por diferentes localidades galegas, un espectáculo teatral para toda a familia co obxectivo de dar a coñecer as vantaxes do cooperativismo.

Data, horario e lugar:

Celanova: o 28/06/2019 ás 12:30 h na praza Maior

Sarria: o 29/06/2019 ás 12:00 h na praza da Vila

Mondoñedo: o 30/06/2019 ás 12:00 h na praza do Concello

Obradoiro: Apoderamento de mulleres socias de cooperativas

O obxectivo é mellorar a autoestima e o apoderamento das mulleres socias de cooperativas, así como loitar contra a violencia de xénero. Ademais, impulsaranse diferentes proxectos dentro deste ámbito e formarase a mulleres en novas actividades produtivas mediante exemplos de éxito.

Datas: 04, 11 e 18/07/2019

Horario: de 11:00 - 15:00 h (04 e 18/07/2019) e de 10:00 - 18:00 h (11/07/2019)

Lugar: Hotel Puerta del Camino, rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n, Santiago de Compostela

Inscripcións: 981584783 / agaca@agaca.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal



**XUNTA
DE GALICIA**